



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 04 de xullo de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

12.- PROXECTO DE CONVENIO COA “COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO” (ARVI) PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL ARVI DO PEIXE, VIGO SEAFEST. EXPTE. 16375/77.

Visto o informe de fiscalización de data 21/06/19, dáse conta do informe-proposta do 04/06/19, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) e conformado polo concelleiro-delegado da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, mediante escrito achegado a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo con data 18 de marzo de 2019 (COD. SOLICITUDE: W331816-4334) achega a memoria do convenio 2019 entre ARVI e o Concello de Vigo para a realización do Festival ARVI do Peixe, Vigo Seafest, xunto coa solicitude da entidade para iniciar a tramitación do convenio coa Concellería de Emprego asinada electronicamente.

II. En data 22/03/2019 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

III. Examinada a documentación remitida, con data 29/03/2019, requiriuse a subsanación da documentación para poder continuar coa tramitación do expediente.

IV. Con data 10/04/2019 achegan a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (COD. SOLICITUDE: W336372-504 e W336375-540) a seguinte documentación:

- certificado da inscrición da entidade no Rexistro provincial de Pontevedra de Sociedades Cooperativas da Xunta de Galicia, constando coma presidente don Francisco Javier Touza Touza.
- certificado de titularidade da conta bancaria.
- Poder notarial mediante escritura de data 20-10-2016 co nº 2478 do protocolo do notario don José María Rueda Pérez.
- Memoria do Proxecto subsanada.
- Declaración responsable asinada electronicamente de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 1 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración responsable asinada electronicamente de non ter solicitado ningunha outra axuda de administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados para o proxecto subvencionado.
- Comprobación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria segundo xustificante de obtención telemática de datos expedido en data 03/06/2019.
- Certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 28/05/2019.
- Comprobación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social segundo xustificante de obtención telemática de datos expedido en data 28/05/2019.

V. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410.4700002 “Feira Vigo Industria Pesqueira”, por importe de 105.000,00 €.

A iniciativa conta co apoio da Deputación de Pontevedra, que colaborará cunha aportación de 50.000,00 €, conforme ao convenio aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/05/2019; e aprobado pola Deputación de Pontevedra mediante Resolución presidencial de data 23/04/2019.

VI. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 29/05/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VII. Consta no expediente a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do festival do mar en Vigo coa denominación “*Festival ARVI do Peixe, Vigo Seafest*”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 2 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



(ARVI)” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despreparará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do evento subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre 1 de xuño de 2019 e o 15 de agosto de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.

Pola outra parte, asinará o convenio don Francisco Javier Touza Touza, coma Presidente da Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo (ARVI), con DNI 36.059.688-N, segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Indícase a tal efecto que o artigo 25.2.h) e i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que interesa ao presente convenio, en materia de turismo e feiras.

O convenio reflicte que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, propuxo no ano 2017 celebrar un festival do mar en Vigo coa denominación “VIGO SEAFEST”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita do mesmo xeito que a correspondente ao presente ano, representa unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido do festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional, xa que estes festivais teñen cobrado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 3 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

As actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose nesta concellaría dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial do sector pesqueiro, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O concello de Vigo, como instrumentador de políticas de emprego, conta para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 155.000,00 € imputaranse con cargo á partida nominativa 2410.4700002 “Feira Vigo Industria Pesqueira”, dos que 105.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019 e 50.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra, conforme ao convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 4 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

VII. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 5 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

Explicitase no pacto décimo primeiro a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

IX. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado en funcións de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 6 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 155.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á partida nominativa 2410.4700002 “Feira Vigo Industria Pesqueira”, dos que 105.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019 e 50.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra, conforme ao convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra e, comprometer o mesmo a favor da Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.

TERCEIRO: Facultar ao Concelleiro delegado en funcións de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, co enderezo na Praza do Rei nº 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, Don Francisco Javier Touza Touza, como Presidente da Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131, e enderezo social en Porto Pesqueiro, Edif. Cooperativa de Armadores de Vigo.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 7 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial do sector pesqueiro, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón que toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos a de acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade. Unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a consolidación e a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O Porto de Vigo constitúe o principal centro de distribución da pesca europea, así como un porto transatlántico consolidado, que promove o carácter da cidade como destino turístico. Pese a estas oportunidades, Vigo carece dun festival de verán coherente coa identidade pesqueira e marítima da cidade. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, pretende celebrar un festival do mar en Vigo coa denominación “VIGO SEAFEST”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido do festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional, xa que estes festivais teñen cobrado gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 8 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, turismo gastronómico e de festivais, en constante crecemento, non resulta accesible para os canles tradicionais de promoción, tanto por custo coma impacto. En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Vigo como destino turístico.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar, permite:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade comercializadora e exportadora, o “Festival ARVI do Peixe “Vigo SeaFest””, ofrece a posibilidade de realizar múltiples contactos nacionais e internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os consumidores poidan acceder a un produto fresco e de calidade, no que a variedade é un factor fundamental para unha alimentación saudable. Do mesmo xeito, o Festival “Vigo SeaFest”, funciona como un importante motor de promoción dos produtos de pescado fresco nun entorno lúdico festivo, contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas armadoras localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas armadoras asociadas a ARVI, descargan unhas 800 mil toneladas de peixe ao ano e da pesca dependen máis de 32 mil postos de traballo na cidade e a súa área.
- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección nacional e internacional da cidade, a celebración do “FESTIVAL ARVI DO PEIXE, VIGO-SEAFEST 2019”, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos do público asistente e que nos 3 días da fería do ano 2018, supuxo a presenza de 98.000 visitantes, dos que 81.000 foron de Galicia e 10.000 do resto do estado, cunha presenza de 7.000 extranxeiros, co que se lle deu un importante apoio ao sector hosteleiro, e gastronómico e se deu a coñecer as posibilidades da pesca desde o punto de vista da sustentabilidade.

Calcúlase que a celebración de Festival “Vigo SeaFest” é un dos escasos períodos do ano, xunto con outras feiras de carácter internacional, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

- O fomento do emprego derivado directamente da organización do festival “Vigo SeaFest” e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio:
 - Durante a celebración do festival “Vigo SeaFest”, se prevé a creación de 98 empregos directos relacionados co deseño, montaxe, limpeza, seguridade e persoal de hostalería, e un emprego indirecto dunhas 105 persoas relacionado cunhas 13.500 pernотacións, e máis de 540.000 € en gastos relacionados coa hostalería e os servizos na cidade e unha participación de cando menos 120.000 visitantes.

MANIFESTAN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 9 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- Que a Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con datas 18/03/2019 (COD. SOLICITUDE: W331816-4334) e 10/04/2019 (COD. SOLICITUDE: W336372-504 e W336375-540), conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar nun maior benestar social,
- b) a sustentabilidade e a innovación no sector pesqueiro
- c) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sen ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actualidade na cidade de Vigo:

Desemprego rexistrado por sexo:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO –Xaneiro 2019		
Desemprego	Homes	Mulleres
22.618	9.609	13.009

Desemprego rexistrado por sector de actividade:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Xaneiro 2019					
TOTAL	AGRICULTURA E GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
22.618	431	2.597	1.323	16.444	1.823

- *Datos correspondentes a xaneiro de 2019, segundo a web da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario, e concretamente do relacionado cos produtos pesqueiros, así como da súa implantación no sector empresarial e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2019, para o desenvolvemento dun convenio coa Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI) para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 10 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é apoiar a celebración do festival de produtos do mar “Vigo SeaFest”, no que se prevé a asistencia de 120.000 visitantes dos que aproximadamente o 7,48% serán extranxeiros.

V.- Que Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónete á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), o Concello de Vigo e a dita entidade ARVI conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeira.- É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do “FESTIVAL ARVI DO PEIXE, VIGO-SEAFEST 2019”, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Consolidar o festival “VIGO SEAFEST”, como o gran festival de verán da cidade de Vigo, na súa referencia ao mar e a pesca, converténdoo nun referente a nivel nacional e internacional que xenere movemento de turistas á nosa cidade.
- Consolidar os obxectivos das dúas primeiras edicións.
- Favorecer o crecemento do festival seguindo as pautas de Bruxelas de fomentar o crecemento transfronterizo, a expansión hacia a Eurorrexión, atraendo visitantes do Norte de Portugal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico, con especial atención ó turismo gastronómico.

Segunda.- A “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas aos produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

- O fomento do emprego derivado directamente da organización do festival “VIGO SEAFEST” e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio, o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe nas datas previas á celebración do festival, durante o festival e posteriormente na desmontaxe. O festival “VIGO SEAFEST”, prevé a mobilización de preto de douscentos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 11 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

traballadores entre o persoal contratado directamente pola organización e o contratado polas empresas de hostelería e servizos

- ▣ Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- Nas oficinas administrativas da cooperativa e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e no que constará a financiación do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra.
- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra como patrocinadores das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- ▣ Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- ▣ Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- ▣ As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
- ▣ Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- ▣ En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Terceira.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa de “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”.
- Conceder directamente á “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)” unha subvención total por importe de 155.000,00 € con cargo á partida nominativa 2410.4700003 “Convenio Festival Vigo Industria Pesqueira”, dos que 105.000 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019 e 50.000 € á aportación da Deputación de Pontevedra, co obxecto de coadruar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Cuarta.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 12 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinta.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Sexta.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétima.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

Oitava.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas da asinante do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal e achegarase exemplar á concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e relación cos Sindicatos.

Novena.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décima.- Comisión de seguimento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 13 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos, que ostentará a Presidencia e que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
- Tres vogais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo municipal.
 - Dous membros da Xunta directiva da entidade “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha empregado/a público/a do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, e estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluirá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo primeira.- A beneficiaria, antes do **1 de setembro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego da tramitación electrónica para achegar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo. Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a solicitude para concorrer ao procedemento.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A beneficiaria achegará copias electrónicas da documentación complementaria e responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 14 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

1º) Declaración responsable asinada electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente, de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

3º) Memoria económica dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegarse unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

-A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 15 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a existencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo segunda.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo terceira.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de xuño de 2019 e o 15 de agosto de 2019**, sempre e cando estén directamente relacionados coa celebración da Festival.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as devanditas contratacións.

Décimo cuarta.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e relación cos Sindicatos. O xefe do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e relación cos Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexta.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 16 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Décimo oitava.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo novena.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 17 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

indirectamente pola “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)” no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Vixésima.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2019.

O Alcalde

Abel Caballero Álvarez

A secretaria do Goberno Local

María Concepción Campos Acuña,

O Presidente da “Cooperativa de

Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”

Francisco Javier Touza Touza

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs

V. e Pr.

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2024 08:23	Páxina 18 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AAA841-5HDAB5-3HAFD9-DCC4SX-7N7BZZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		